

ANUNCIO

Mediante a Resolución da Alcaldía núm. 799/2025, de data 04.07.2025, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS (GRUPO:A, SUBGRUPO:A1, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA: TÉCNICA)

Exp: 2025/E001/000016; 2025/G003/000783; 2025/G003/000787; 2025/G003/000853

Mediante a Resolución da Alcaldía (R.A.) núm. 651/2025 do 11.06.2025 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a dunha praza de enxeñeiro/a e camiños, canles e portos (grupo: A; subgrupo: A1; escala: administración especial; subescala: técnica) do Concello de Fene.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse no BOP núm. 114 do 17.06.2025, outorgándose 5 días hábiles para a presentación das instancias de participación xunto coa documentación requirida na base 5, rematando o prazo o día 24.06.2025.

O día 25.06.2025 foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP núm. 119, do 25.06.2025) unha rectificación dun erro material nas devanditas bases.

Mediante a R.A. núm. 715/2025 do 25.06.2025, rectificada pola R.A. núm. 729/2025 do 25.06.2025 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de dous (2) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 27.06.2025.

Durante dito prazo presentou emenda Raúl Pernas Cabo achegando o DNI, CELGA 4 e copia da titulación esixida.

Á vista do que antecede, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aceptar a emenda achegada no prazo conferido para o efecto por Raúl Pernas Cabo, e en consecuencia declaralo admitido.

SEGUNDO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas que se relacionan a continuación:

PERSOAS ADMITIDAS

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 4 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Amil Lareo, Ignacio Manuel	***2826**	SI	
2.	Beneyto González-Baylin, María Carmen	***2612**	SI	
3.	Beneyto González-Baylin, Marta	***5281**	SI	
4.	Lueiro Busto, Marta	***9786**	SI	
5.	Nieto Matamoros, José Manuel	***4641**	SI	
6.	Pernas Cabo, Raúl	***5508**	SI	
7.	Valladares López, Leticia	***1087**	SI	
8.	Valladares López, Natalia	***1088**	SI	

PERSOAS EXCLUÍDAS: Non constan

TERCEIRO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/as seguintes funcionario/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE

TITULAR: María Teresa Diz Alonso, funcionaria de administración local de habilitación nacional

SUPLENTE: Manuel Larrosa Rodríguez, funcionario de administración local de habilitación nacional

VOGAIS:

TITULAR: Inés Mera Rico, enxeñeira de camiños do Concello de Fene

SUPLENTE: Jorge Vidal Zapatero, tesoureiro do Concello de Laracha

TITULAR: José Luis Montero Senra, personal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

SUPLENTE: Marta Vázquez Garea, secretaria do Concello de Laracha

TITULAR: Iago Manuel Bermejo Varga, secretario do Concello de Abegondo

SUPLENTE: Carlos Abeledo González, arquitecto do Concello de Valdoviño

SECRETARIO/A

TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene

SUPLENTE: Lara Otero Díaz, secretaria do Concello de Bueu

CUARTO.- Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva que terá lugar o día 08.07.2025 ás 9:00 horas mediante sesión telemática.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na web do Concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe."

En Fene, asinado dixitalmente o 04.07.2025 pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.